


EXILIOS



Dirección e guión: Tony Gatlif.

País: Francia.

Ano: 2004.

Duración: 103 min.

Xénero: Drama.

Interpretación: Romain Duris (Zano), Lubna Azabal (Naïma), Zouhir Gacem (Saïd), Leïla Makhoulouf (Leïla), Habib Cheik (Habib).

Producción: Tony Gatlif.

Música: Tony Gatlif y Delphine Mantoulet.


Fotografía: Céline Bozon.

Montaxe: Monique Dartonne.

Deseño de produción: Brigitte Brassart.

Estreo en Francia: 25 Agosto 2004.

Estreo en España: 17 Junio 2005.



SINOPSE

Un día Zano (Romaní Duris) proponlle unha idea algo tola á súa compañeira Naïma (Lubna Azabal): atravesar Francia e España para acabar en Alxeria e coñecer, por fin, a terra da que seus pais tiveron que escapar tempo atrás. Case por puro desafío, coa música como única equipaxe, estes fillos do exilio emprenden a viaxe. Cheos de liberdade,

déixanse levar uns días pola sensualidade de Andalucía antes de decidirse a cruzar o Mediterráneo. Dun encontro ó seguinte, cun ritmo de techno con aires de flamenco, Zano e Naïma realizan o camiño do exilio en senso inverso, coa promesa de atoparse a si mesmos ó final da viaxe...

CRÍTICA

Exilios é unha “road movie” con fondo musical. A busca das raíces a través da ruta que separa Francia de Alxeria, esa mesma ruta que deciden percorrer Zano (*Casa de Loucos, Arsène Lupin*) e Naïma (*25º graos en inverno, Lonxe*) para desandar o camiño que fixeron os seus pais tempo atrás buscando unha vida mellor.



A película, ambientada en aires flamencos e toques techno, explora os sentimentos dos fillos dos inmigrantes, a súa adaptación a un ambiente que en principio non lles pertence e a curiosidade permanente por explorar o seu pasado.

Gatlif (Alxeria, 1948) retoma ideas xa abordadas na súa filmografía (*Les Princes*, 1982; ou *Gadjo Dilo*, 1997) para brindar unha ollada ó pasado tinguida de presente. Cun traballo de cámara aberto e atento, que amosa

realidades dispares como a urbe parisina, os áridos horizontes alxerianos e a próxima beleza do Peirao da Sal e a Carbonaria sevillanas. A fotografía xoga cos contrastes, reiterando as paisaxes vistas dende un tren. A música forma parte da viaxe, dende o flamenco ós ritmos urbanos, con letras que cobren os silencios sen diálogos.

Moi acertada resulta a dirección duns actores cargados de singularidade. Facianas en silencio ás que sobran palabras. O guión é cribble – quizais cunha



perda de ritmo cara a metade da película, recuperada coa chegada a África – a pesar das múltiples linguas que escoitan. Tamén hai oco para a risa. En definitiva, unha digna película que ven da man da actriz belga de orixe hispano-marroquí, Lubna Azabal.

SOBRE O DIRECTOR

Dirixe Tony Gatlif (Alxeria, 1948) de pais xitanos con ascendencia hispano-marroquí. Michel Dahamani (coñecido como Tony Gatlif) educouse máis tarde na École des Meaux Arts de París e a súa filmografía compóñena as películas *La tête en ruine* (1975), *La terre au ventre* (1978), *Corre gitano* (1981), *Les Princesa* (1983), *Rue du départ* (1986), *Pleura pas my love* (1989), *Gaspard et Robinson* (1990), *Latcho Drom* (1992), *Mondo* (1996), *El extranjero loco* (1997), *Je suis né d'une cigogne* (1999), *Vengo* (2000) e *Swing* (2002).